



**NARÓN**

**Datos do Expediente:**

EXPEDIENTE XENERICO	
Unidade Tramitadora:	
Xestión de Tesourería Pagamentos e Cobros – MRN	
Número expediente:	Documento:
TES/68/2020	TES14I07Q
0P4G214S0P2G033X0RBU	

Expediente tramitado en virtude do artigo 17.º do Regulamento (UE) 2018/1725 do Parlamento Europeo e do Consello, de 23 de outubro de 2018, relativo á protección dos datos persoais dos cidadáns da Unión Europea.

## RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Logo de ver o informe proposta conxunto do Xefe do Servizo de Intervención e Facenda e da Tesoureira municipal (TES14I07K) que transcrito literalmente di: **INFORME PROPOSTA DO XEFE DO SERVIZO DE INTERVENCIÓN E FACENDA E DA TESOUREIRA MUNICIPAL**

**ASUNTO: MEDIDAS EXTRAORDINARIAS EN RELACIÓN COS PROCEDEMENTOS TRAMITADOS POLAS ÁREAS DE FACENDA E TESOURERÍA-RECADACIÓN COMO CONSECUCIA DA DECLARACIÓN DO ESTADO DE ALARMA.**

D. Pablo Freijomil Ojea e Dona Marta Roca Naveira, Xefe do Servizo de Intervención e Facenda e Tesoureira municipal, respectivamente, cada un no exercicio das súas funcións, emiten o seguinte informe proposta:

### Normativa de aplicación

- Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, pola que se declara o estado de alarma para a xestión da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.
- Real Decreto Ley 8/2020, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19.
- Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria.
- RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.
- Demais normativa concordante e de aplicación.

### Informe

Primeiro: Con data 11 de marzo de 2020, a Organización Mundial da Saude (OMS) declarou o brote de SARS-COV-2 como pandemia, elevando a dita extrema categoría a situación actual dende a previa declaración de Emerxencia de Saude Pública de Importancia Internacional.

Ante a rapidez na evolución dos feitos, por todos coñecidos, tanto a escala nacional como internacional, e para facer fronte a esta situación grave e excepcional provocada polo coronavirus COVID-19, procedeuse polo Goberno da Nación á declaración do estado de alarma en todo o territorio nacional mediante o recente Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, publicado no BOE número 67, de 14 de marzo de 2020.

A situación xerada polo coronavirus require a pronta reacción por parte de todas as Administracións Públicas, así como unha resposta conxunta e unha política coordinada de actuación para afrontar coas máximas garantías os efectos provocados polo brote deste virus, tendo en conta, principalmente, o risco que supón para a saude e o benestar da cidadanía.

Neste contexto, mediante diversas resolucións foronse adoptando por este Concello distintas medidas organizativas e preventivas para facer fronte a esta coiuntura. Con elo deuse unha primeira resposta de urxencia que permite, con carácter inmediato, entre outros aspectos, facer fronte ás necesidades de conciliación e minimizar os riscos de contaxio.



Pero que duda cabe que a situación xerada polo coronavirus supón igualmente un forte impacto económico negativo en todos os ámbitos sectoriales, afectando a un gran número de persoas neste concello. Como apunta o recente Real Decreto-Ley 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias, publicado no BOE número 73, de 18 de marzo de 2020, a crisis sanitaria estase transmitindo á economía e á sociedade a unha velocidade inusitada, afectando tanto á actividade productiva como á demanda e ao benestar dos cidadáns.

Nestas circunstancias, resulta obrigada a adopción de medidas extraordinarias no ámbito de aplicación dos tributos e outros ingresos de dereito público cuxa xestión e recadación non está delegada na Deputación Provincial de A Coruña, sendo a prioridade principal minimizar o impacto fiscal, facilitando con elo que a normalidade se recupere tan pronto como a situación sanitaria mellore.

Por elo, a pesar de que mediante o artigo Catro do Real Decreto 465/2020, de 17 de marzo, polo que se modifica o Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara el estado de alarma para a xestión da situación de crisis sanitaria ocasionada polo COVID-19, se exclúe a aplicación aos prazos tributarios da suspensión dos termos e a interrupción dos prazos regulada con carácter xeral na Disposición adicional terceira do citado Real Decreto, en consonancia co disposto no citado Real Decreto Lei 8/2020, donde se contempla a adopción de medidas cun horizonte temporal a favor do obrigado que pode superar o de vixencia inicial do estado de alarma, faise convinte definir e propoñer á Alcaldía unha serie de medidas en materia de tributos e outros ingresos de dereito público que son xestionados polo Concello de Narón.

Por todo o exposto, os funcionarios que suscriben, elevan á Alcaldía a seguinte proposta de acordó:

Primeiro.- Aprobar a seguinte relación de medidas extraordinarias en relación cos procedementos tramitados polos Servizo de Facenda e Tesourería como consecuencia da declaración do estado de alarma polo Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo:

1º.- Ata despois do 30 de abril de 2020:

- Non se dictarán providencias de prema.
- Non se practicarán notificacións.
- Non se aprobarán liquidacións.

2º.- Suspéndense a tramitación de expedientes de aprazamento e fraccionamento. Abriranse expedientes coas solicitudes que se presenten, suspenderanse os valores e prepararanse, no seu caso, os requirimentos de documentación. Non se realizarán propostas ata despois do 30 de abril.

3º.- Non se cargarán en conta as ordes de domiciliación dos prazos e fraccións dos aprazamentos e fraccionamentos xa concedidos (e cun vencemento inicial do 20.04.2020) ata o 30.04.2020.

4º.- Para os procedementos iniciados con anterioridade á entrada en vigor do Real Decreto Lei 8/2020, é dicir, iniciados con anterioridade ao 18 de marzo de 2020, suspenderase o cómputo do prazo de duración dos mesmos dende o 18 de marzo de 2020 ata o 30 de abril de 2020.

5º.- Ampliar ata o 30 de abril de 2020 os seguintes prazos de pago con vencemento anterior a dita data sempre e cando non tivesen rematado o 18 de marzo de 2020:

- a) Os prazos de pago en período voluntario de débedas tributarias, sexan de vencemento periódico e notificación colectiva ou liquidacións.
- b) Os prazos de pago resultado de acordos de aprazamento ou fraccionamento

Para elo, se as cartas de pago estivesen caducadas facilitaranselle unhas novas. No caso dos fraccionamentos/aprazamentos remitiráselle igualmente carta de pago ao obrigado ao pago no suposto de que se produza por éste a devolución da orde de domiciliación.

6º.- Os prazos para a presentación das declaración e autoliquidacións tributarias non se ven afectadas pola suspensión de prazos.



7º.- O periodo comprendido entre o 18 de marzo e o 30 de abril de 2020 non computará a efectos dos prazos de caducidade e dos prazos de prescripción (artigo 66 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria).

8º.- Os prazos para atender requerimentos, alegacións, solicitudes de información con trascendencia tributaria, para formular alegacións ante actos de apertura de dito trámite ou de audiencia, ditados en procedementos de aplicación dos tributos, sancionadores ou de declaración de nulidade, devolución de ingresos indebidos, rectificación de erros materiais e de revogación, que non foran comunicados e non estiveran concluídos con anterioridade ao 18 de marzo de 2020 ampliáanse ata o 30 de abril.

Para aqueles casos en que estos prazos foran comunicados con posterioridade ao 18 de marzo de 2020, quedarán ampliados ata o 20 de maio.

9º.- Se o obrigado tributario, non entanto, a posibilidade de acollerse á ampliación dos prazos anteriores ou sen facer reserva expresa a ese dereito, atenderse ao requerimento ou solicitude de información con trascendencia tributaria ou presentase as súas alegacións, considerarase cumprido o trámite.

10º.- O periodo comprendido entre o 18 de marzo e o 30 de abril de 2020 non computará a efectos da duración máxima dos procedementos de aplicación dos tributos, sancionadores e de revisión tramitados polo Concello, aínda que neste periodo poderá a administración municipal impulsar, ordenar e realizar os trámites imprescindibles.

11º.- Os prazos de pago previstos inicialmente no calendario do contribuínte do ano 2020 xa aprobados poderán ser obxecto dunha modificación posterior previa valoración das repercusións que vai ter a crisis sanitaria provocada polo COVID-19 no tecido económico e social.

12º.- A atención ao contribuínte, neste periodo, realizarase a través de correo electrónico na dirección [tesoureria@naron.es](mailto:tesoureria@naron.es), e a través do teléfono 981 33 77 00, na extensión 1408 ( para as xestións de recadación ) e extensión 1403 ( para as restantes cuestións do procedemento tributario: recursos, notificacións, etc)."

Esta Alcaldía, en uso das facultades atribuídas pola lexislación vixente, resolve:

1º.- Aprobar a proposta transcrita nos seus propios termos.

**Ante min.**  
**(Dou fe da identidade do asinante)**

Asinado dixitalmente por:  
A Alcaldesa-Presidenta  
Marián Ferreiro Díaz  
26/03/2020 9:35:00





## Datos do Expediente:

LIQUIDACIONES TRIBUTARIAS E AUTOLIQUIDACIONES	
Unidade Tramitadora:	
Xestión de Ingresos - PFO	
Número expediente:	Documento:
ING/121/2020	ING14I0F8
1T1B5U4J5B2T1Q2J19F1	

## RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Logo de ver o informe proposta do Xefe de Servizo de Intervención e Facenda (ING14I0F7), que transcrito literalmente dí:

**“ASUNTO: MEDIDAS EXTRAORDINARIAS EN RELACIÓN CO IMPOSTO SOBRE O INCREMENTO DE VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA (PLUSVALÍA) COMO CONSECUENCIA DA DECLARACIÓN DO ESTADO DE ALARMA.**

D. Pablo Freijomil Ojea Xefe do Servizo de Intervención e Facenda no exercicio das súas funcións, emite o seguinte informe proposta:

### Normativa de aplicación

- Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, pola que se declara o estado de alarma para a xestión da crisis sanitaria ocasionada polo COVID-19.
- Real Decreto Ley 8/2020, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19.
- Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria.
- RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.
- Demais normativa concordante e de aplicación.

### INFORME:

Con data 11 de marzo de 2020, a Organización Mundial da Saude (OMS) declarou o brote de SARS-COV-2 como pandemia, elevando a dita extrema categoría a situación actual dende a previa declaración de Emerxencia de Saude Pública de Importancia Internacional.

Ante a rapidez na evolución dos feitos, por todos coñecidos, tanto a escala nacional como internacional, e para facer fronte a esta situación grave e excepcional provocada polo coronavirus COVID-19, procedeuse polo Goberno da Nación á declaración do estado de alarma en todo o territorio nacional mediante o recente Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, publicado no BOE número 67, de 14 de marzo de 2020.

A situación xerada polo coronavirus require a pronta reacción por parte de todas as Administracións Públicas, así como unha resposta conxunta e unha política coordinada de actuación para afrontar coas máximas garantías os efectos provocados polo brote deste virus, tendo en conta, principalmente, o risco que supón para a saude e o benestar da cidadanía.



Neste contexto, mediante diversas resolucións foronse adoptando por este Concello distintas medidas organizativas e preventivas para facer fronte a esta coiuntura. Con elo deuse unha primeira resposta de urxencia que permite, con carácter inmediato, entre outros aspectos, facer fronte ás necesidades de conciliación e minimizar os riscos de contaxio.

Pero que duda cabe que a situación xerada polo coronavirus supón igualmente un forte impacto económico negativo en todos os ámbitos sectoriais, afectando a un gran número de persoas neste concello. Como apunta o recente Real Decreto-Ley 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias, publicado no BOE número 73, de 18 de marzo de 2020, a crisis sanitaria estase transmitindo á economía e á sociedade a unha velocidade inusitada, afectando tanto á actividade productiva como á demanda e ao benestar dos cidadáns.

Por todo isto, neste Concello adoptáronse diversas medidas extraordinarias no ámbito de aplicación dos tributos e outros ingresos de dereito público cuxa xestión e recadación non está delegada na Deputación Provincial de A Coruña, sendo a prioridade principal minimizar o impacto fiscal, facilitando con elo que a normalidade se recupere tan pronto como a situación sanitaria mellore. Estas medidas extraordinarias de flexibilización fiscal pretenden axudar a paliar as consecuencias económicas da pandemia COVID-19, para responder ao impacto económico negativo que se está a producir. Debido ao gran volumen de liquidacións do IIVTNU, faise necesario tomar medidas específicas relacionadas coa xestión deste imposto, que veñen a complementar a Resolución da Alcaldía de 26/03/2020 de medidas extraordinarias en relación cos procedementos tributarios tramitados no concello.

Por elo, a pesar de que mediante o artigo catro do Real Decreto 465/2020, de 17 de marzo, polo que se modifica o Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara el estado de alarma para a xestión da situación de crisis sanitaria ocasionada polo COVID-19, se exclúe a aplicación aos prazos tributarios da suspensión dos termos e a interrupción dos prazos regulada con carácter xeral na Disposición adicional terceira do citado Real Decreto, a D.A. 3ª.3, que sigue vixente e non afectada pola modificación operada polo RD 465/2020, establece que o órgano competente poderá acordar, mediante resolución motivada, as medidas de ordenación e instrucción estrictamente necesarias para evitar perxuízos graves nos dereitos e intereses do interesado no procedemento e sempre que éste manifeste a súa conformidade, ou cando o interesado manifeste a súa conformidade con que non se suspenda o prazo.

Por todo o exposto, o funcionario que suscriben, elevan á Alcaldía a seguinte proposta de acordo:

Único.- Suspender o prazo para a presentación de declaración do Imposto sobre o Incremento de Valor de Terreos de Natureza Urbana (Plusvalía) mentrés esté en vigor o estado de alarma e as súas prórrogas, de conformidade coa D.A. 3ª.3 do RD 463/2020 e para evitar perxuízos graves nos dereitos e intereses dos cidadáns.

Os prazos para presentación das restantes declaracións así como as autoliquidacións tributarias non se ven afectados pola suspensión de prazos.”

Esta Alcaldía, en uso das facultades atribuídas pola lexislación vixente, resolve aprobar a proposta transcrita nos seus propios termos.

**Ante min.**  
**(Dou fe da identidade do asinante)**